

TEAM

MARÉ

"EU SON UN COSMOPOLITA"

POLÉMICA Feijóo suxire que os asinantes do 'Manifesto dos Once' protestaron porque se sentiron aludidos por Varela e pídelles que non asuman "palabras quitadas de contexto"

"Non paga a pena"

O presidente di que "se hai alguén que defende a cultura galega ese é o conselleiro"

maré Santiago

Despois dunha semana *horribilis* para o conselleiro de Cultura, Roberto Varela, cunha fronte aberta de conflitos, o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, quixo onte calmar os ánimos e pediulles aos autores do *Manifesto dos Once*—que reclaman a dimisión de Varela—que "non se dean por aludidos" por unhas "palabras" que, segundo indicou, "foron quitadas de contexto". Así, mostrou a súa confianza en Varela e subliñou que "se hai alguén que defende a cultura galega é o conselleiro de Cultura".

Na roda de prensa tras o Consello da Xunta, Feijóo mostrou o seu respecto polas opinións dos autores do escrito—once Premios Nacionais de Literatura galegos—pero asegurou que "non paga a pena" iniciar unha polémica a este respecto. De feito, insistiu en que as expresións de Roberto Varela nas que se refería á cultura galega como "ensimesmada" e "acomplexada" foran extraídas de contexto, polo que instou para rebaixar a polémica se o obxectivo é a defensa da cultura galega e non se esconden baixo esta xustificación "intereses específicos" de carácter político e non cultural".

Asemade, aproveitou para mostrar o seu convencemento de que os escritores galegos estarán a favor das actividades vinculadas á declaración de 2010 como Ano do Libro e da Lectura. De feito, o Consello da Xunta foi informado na súa reunión de onte do programa de accións previstas, nas que o departamento de Cultura investirá case tres millóns de euros.

Núñez Feijóo resaltou o valor estratéxico do sector e avogou pola súa dinamización e promoción. Asegurou que o programa de actividades previsto busca "non só patrocinar a produción lingüística senón o consumo da lectura". Polo tanto, comprometeu que a Xunta manterá as axudas á edición de libros de galego e, ademais, incentivará a compra de volumes.

Ao longo deste ano haberá diferentes actividades conmemorativas sobre Torrente Ballester, Luís Seoane, Rosalía de Castro e Uxío Novoneyra. Ademais, destacan as iniciativas de promoción e difusión do libro e a lectura como *Libros sobre rodas*—mediante un autobús—, *Camións de amor e líra*—unha trintena de espectáculos de poesía e música—ou o Congreso de literatura de viaxes que terá lugar en Santiago de Compostela na última



Roberto Varela (dereita) co secretario de Estado de Turismo de Portugal, Bernardo Trindade, e o alcalde do Porto, Rui Río, onte en Santiago

REACCIÓNS

Fernández Paz: "Este goberno ataca a cultura do país"

Agustín Fernández Paz, un dos asinantes do *Manifesto dos Once*, asegurou onte que hai "motivos moi evidentes" para solicitar a dimisión ou o cesamento de Roberto Varela por "facer consideracións peyorativas, desde que asumiu o cargo, sobre a cultura galega". A pinga que colmou o vaso, dixo, "foi a súa intervención na Coruña con unha conferencia integralmente en castelán", onde dixo que a cultura galega "estaba

ensimesmada e acomplexada".

Ademais, reprochoulle que dixese que "a maior parte dos libros que se publicaban en Galicia os compraba a consellería", o que motivou críticas da Asociación Galega de Editores. "Non pode ser. As opinións individuais de Varela son moi respectables, pero como conselleiro ten por misión a promoción da cultura galega".

Nesta liña, Fernández Paz considerou que o actual Goberno da Xunta

"ataca á cultura galega" e recordou que algúns conselleiros "ostensiblemente" fan uso do castelán en actos oficiais para marcar un territorio diferente". Tamén advertiu que na Consellería de Educación, "todas as actuacións" que se promoveron "tiveron como función limitar os ámbitos da lingua galega". "Non sabemos a que pode responder, si a presións de Madrid ou a unha ideoloxía fortemente antigalega", protestou.

O PASADO POLÍTICO DO PRESIDENTE DA RAG

Advertencia a Ferrín: "En Galicia todos nos coñecemos"

Alberto Núñez Feijóo espera que o novo presidente da Real Academia Galega (RAG), Xosé Luis Méndez Ferrín, non politice a institución e asegurou "esperar" que o "pasado político" do escritor, ó que "aprecia", non marque a súa actividade.

"Creo que en Galicia todos nos coñecemos", sentenciou o presidente na roda de prensa posterior ó Consello da Xunta, na que foi preguntado pola coñecida adscrición independentista de Méndez Ferrín, militante de Fronte Popular Galega (FPG), organización política que se define como comunista, nacionalista

e independentista.

Neste escenario, Feijóo trasladou o seu "respecto" pola designación de Méndez Ferrín posto que, incidiu, "respecta" ás institucións e ás súas eleccións. A continuación, eloxiou a súa traxectoria literaria e engadiu que a súa función será "non politizar" a RAG, senón "falar pouco e defender máis a riqueza e supervivencia do galego".

"Do seu pasado político o responsable é el, nada que engadir", aseverou Feijóo, quen dixo non saber "se o pasado político das persoas que están na institución marcan a súa actividade". "Espe-

ro que non", manifestou, aínda que sinalou que Ferrín aínda está "sen estrear" como presidente. "Deixemos que o tempo dea ou quite razóns", agregou.

Con todo, indicou que a relación "de respecto e comprensión" da Xunta coa RAG "non vai variar" con independencia de quen asuma a presidencia da institución. "Despois o Goberno terá que gobernar, que é a súa competencia indelegable", apostilou.

Os membros da Real Academia Galega (RAG) elixiron o sábado pasado a Xosé Luis Méndez Ferrín como novo presidente.

quincena do mes de xuño.

Onte, porén, continuaron escozendo as peticións de dimisión para Varela e fixérono, ademais, dúas organizacións referencias: a Asociación de Escritores en Língua Galega (AELG) e a Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (Galix). As dúas sumáronse ao *Manifesto dos Once*. Con estas novas adhesións, a xestión de Varela aparece cuestionada desde todos os ámbitos vinculados á máis poderosa industria cultural do país: os escritores, os editores e o sector de maior repercusión na lectura, o infantil e xuvenil. A AELG reclamou no seu comunicado unha "necesaria valoración responsable e obxectiva" da cultura galega entendida "integrada nun escenario permeable e aberto ó mundo desde a procura da necesaria retroalimentación que comeza polo coñecemento, apreciación e dignificación do propio".

Consecuentemente, a Asociación reaffirmou a "capacidade" dos creadores galegos de ser "autores dunha creación literaria exportable fóra das fronteiras" autonómicas que, indicou, é "unha fonte de orgullo e admiración".

"Coñecer e recoñecer publicamente a cultura galega en xeral, e a literatura galega dos nosos escritores en particular, é o primeiro paso necesario para superar tópicos arcaicos e caducos e acreditar definitivamente a capacidade, valía e potencial enriquecedor da súa divulgación", indicaron os mesmos da asociación. ●